

## Rally. Traballo en grupo

Aportamos algunhas notas para incidir na importancia do traballo en grupo no Rally (e na aula)

Como sabedes, unha parte importante do éxito nas probas do Rally vén determinada pola experiencia do alumnado no traballo en grupo e, por tanto, polas pautas establecidas para o funcionamento do mesmo.

O tipo de organización estará determinada polas características do grupo.

Proponse experimentar os distintos tipos de agrupamento, pois cada un deles aporta uns beneficios a ter en conta en función dos obxectivos a acadar.

### CADRO DE OBSERVACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO GRUPO

Organización do grupo, en función do grupo clase ou dos obxectivos a acadar:

-homoxénea            -heteroxénea            -por afinidade

Proposta dos aspectos a avaliar do grupo como tal:

1. Como se distribúe o traballo dentro do grupo?
2. Como se apropia o grupo dos enunciados? (reformulación, esquema, etc.)
3. Durante a busca, como se establecen as relacións entre os integrantes?
4. Como se organizan os debates e argumentos no grupo?
5. Que tipos de escritos se escollen para comunicar as respostas?
6. Utilízanse ferramentas (regra, cadrado, modelo, táboas, libros, calculadora, etc.) para:

Busca a resposta en

cada problema    algúns problemas    ningún problema

Comproba a resposta de:

cada problema    algúns problemas    ningún problema

7. Agrupación:

Como se elixe o director/a do grupo?

Dentro do grupo, como se fai a elección da solución?

---

A avaliación do papel desempeñado por cada integrante do grupo é tan importante como o funcionamento do grupo como tal

Aspectos a avaliar de cada integrante do grupo: ...